

## **ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE, ASOCIACIÓN FORO ENRIQUE PEINADOR E BIOGA-CLÚSTER TECNOLÓXICO EMPRESARIAL DE CIENCIAS DA VIDA PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA**

---

Santiago de Compostela

### **REUNENSE:**

**Don Román Rodríguez González**, conselleiro de Cultura, Educación e Universidade que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 112/2020, do 6 de setembro e no uso das atribucións que lle confire o Decreto 198/2020, do 20 de novembro, publicado no DOG número 242, do 1 de decembro, no que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

**Don Xosé González Martínez**, con DNI 35981473-C, presidente da Asociación Foro Enrique Peinador que actúa no seu nome e representación, con CIF G-27710219 e domicilio social en Doutor Canoa, 5, 6.º D, 36206 de Vigo, elixido por unanimidade na Asemblea Xeral celebrada o día 3 de setembro de 2008.

**Dona María do Carme Pampín Casal**, con DNI 33291672T, na súa calidade de presidenta da Asociación BIOGA-CLÚSTER TECNOLÓXICO EMPRESARIAL DE CIENCIAS DA VIDA, (en adiante BIOGA) cargo para o que foi elixida por unanimidade na Asemblea Xeral celebrada o día 24 de maio de 2019, con CIF G70259312 e con domicilio social en Rúa Real, número 24-1º 15003 A Coruña.

Os intervenientes recoñécense mutuamente capacidade suficiente para obrigarse segundo a realización deste acordo e

### **MANIFESTAN:**

1. Que, de conformidade co establecido no Estatuto de autonomía para Galicia e na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, é responsabilidade do Goberno galego levar a cabo as medidas que sexan necesarias para garantir o uso como lingua cooficial do idioma galego, polo que deberán adoptar as medidas oportunas para o seu fomento e estimular e apoiar as manifestacións culturais feitas en galego.

2. Que, no ámbito da Administración autonómica galega, lle corresponden á Consellería de Cultura, Educación e Universidade, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, as competencias e funcións en materia de promoción e ensino da lingua galega e, para poder actuar en todos os ámbitos sociais, debe colaborar, na medida do posible, coas diversas entidades que actúan dentro da Comunidade Autónoma galega.

3. Que dentro destes obxectivos se enmarcan as actividades que para promover e dignificar o galego promove o Foro Enrique Peinador que nace no ano 2006 por iniciativa da Fundación Premios da Crítica para lograr un maior vencello entre a actividade económica e a identidade galega. Deste xeito, un dos seus obxectivos prioritarios é difundir o emprego do galego dentro das empresas. O nome do foro recolle o dun empresario, Enrique Peinador, que foi pioneiro, a comezos do século XX en achegar o galeguismo ao sector empresarial.



4. Que o Foro ten entre os seus obxectivos prioritarios difundir o emprego do galego dentro das empresas levando a cabo actividades que resultan de grande interese para a promoción e dinamización da lingua galega.

5. Que BIOGA, constituída no ano 2010 centra as súas accións en servizos de interese directo ás empresas. BIOGA, é un clúster tecnolóxico empresarial das ciencias da vida, unha asociación empresarial sen ánimo de lucro que aglutina ás organizacións integradas na cadea de valor do sector biotecnolóxico que teñen a súa sede en Galicia, traballando para mellorar o posicionamento competitivo do sector biotecnolóxico galego, buscando a mellora competitiva e a xeración do negocio mediante o impulso de accións e servizos directamente dirixidos ás empresas do sector. Que son cinco as grandes áreas de actuación dos servizos de BIOGA: crecemento e mellora da competitividade; innovación e impulso de proxectos; emprendemento e financiamento de proxectos; internacionalización e acceso a novos mercados; e, Networking e intersectorial do sector bio.

6. Que as partes son conscientes de que as institucións e entidades que desenvolven a súa actividade en Galicia teñen que colaborar na execución do Plan xeral de normalización da lingua galega que aprobou, por unanimidade, o Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia na súa sesión do día 21 de setembro de 2004, coa finalidade de divulgar e estender o uso do galego a todos os ámbitos da sociedade. No citado plan a galeguización en torno á actividade empresarial figura como obxectivo prioritario e estratéxico, concretamente nas grandes e medianas empresas, onde o galego conta cunha feble presenza nalgunhas fases dos procesos produtivos. Que o sector empresarial é un dos prioritarios no que se necesitan implantar unha serie de medidas para estender a presenza da lingua galega, así como para conseguir a súa proxección mediática en todas as relacións e ámbitos sociais.

7. Que a Asociación Foro Enrique Peinador e BIOGA, son sabedores da crecente demanda que o uso do galego ten en todos os sectores da sociedade e do importante papel que na súa promoción poden xogar as empresas punteiras do sector da economía galega. Neste sentido, manifestan o seu desexo de implicarse na tarefa de promover a incorporación do uso de galego na súa actividade e nas súas relacións comerciais e empresariais no ámbito da comunidade autónoma.

Polo exposto, acordan asinar este acordo de colaboración, que se rexerá polas seguintes

## **ESTIPULACIÓNS**

### **Primeira. Obxecto do acordo**

Neste acordo establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, a Asociación Foro Enrique Peinador e BIOGA para colaborar na potenciación e promoción do uso do idioma galego na actividade e funcionamento do sector empresarial.

### **Segunda. Obrigas de BIOGA**

Como compromisos ás obrigas derivadas da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística e do Plan de normalización da lingua galega, BIOGA, comprométese a incorporar a lingua galega nas seguintes actividades:



- Na documentación externa sobre a súa actividade.
- Na súa páxina web, como unha opción lingüística.
- Nas mensaxes gravadas do seu contestador telefónico.
- Na sinalización das súas dependencias.
- Nas comunicacións internas e externas do clúster.
- Nas relacións internas cos socios do clúster.
- Na documentación administrativa do clúster: facturas, nóminas, contratos e outros textos contractuais.
- Nos actos sociais do clúster.

Así mesmo, BIOGA, asume o compromiso de:

- Fomentar que os socios/as do clúster utilicen a lingua galega nas súas relacións internas co clúster e nas relacións externas cos clientes.
- Abordar un proceso gradual de utilizar o galego coas distintas administracións públicas galegas coas que adoita manter relacións.
- Transmitir o apoio á lingua galega, dándolles a coñecer aos provedores de ámbito autonómico a decisión do clúster de utilizar o idioma galego nas súas xestións.
- Realizar, prioritariamente, en lingua galega as actuacións formativas do persoal do cluster.

### **Terceira. Obrigas da Asociación Foro Enrique Peinador**

A Asociación Foro Enrique Peinador coñecedora da escasa aceptación que o uso do galego ten nas actividades económicas e empresariais galegas, implicarase na tarefa de implantar e fomentar o uso do galego na actividade empresarial, desenvolvendo diversos actos e actividades para irradiar a galegitude ao mundo económico, para facerlles chegar aos empresarios galegos a importancia e o compromiso de todos os galegos coa promoción e dignificación da nosa lingua.

### **Cuarta. Obrigas da Consellería de Cultura, Educación e Universidade**

Por razón deste acordo, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, comprométese a:

- Prestarlle, cando sexa preciso, a BIOGA, o apoio e asesoramento técnico en relación con aspectos lingüísticos e terminolóxicos relacionados coas actividades que se deriven deste convenio.
- Apoiar a empresa en calquera outra actividade que mellore a sensibilización de cara ao galego e que teña unha mensaxe normalizadora do uso do noso idioma, tanto aos seus traballadores/as coma aos provedores e clientes.



### **Quinta. Utilización da lingua galega**

Todas as accións e actividades que se realicen ao abeiro deste acordo se deberán levar a cabo segundo o indicado nas vixentes normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, aprobadas pola Real Academia Galega no ano 2003, tal e como se establece na disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística.

Así mesmo, BIOGA comprométese, no ámbito sinalado no parágrafo anterior, a coidar e respectar a toponimia oficial nos termos previstos no artigo 10 da citada lei.

### **Sexta. Duración e extinción do acordo**

Este acordo estará vixente desde a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2023 agás que sexa resolto por escrito por algunha das partes, cun mes de antelación polo menos.

### **Sétima. Comisión de seguimento**

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste acordo, crearase unha comisión de seguimento, constituída por dous representantes da Secretaría Xeral de Política Lingüística, nomeados polo seu titular, dous representantes da Asociación Foro Enrique Peinador e dous representantes de BIOGA.

Esta comisión que estará presidida por un dos representantes da Secretaría Xeral de Política Lingüística, coordinará o desenvolvemento do acordo e estará facultada para resolver cantas dúbidas xurdan na súa execución. Os acordos adoptados neste sentido serán inmediatamente executivos.

### **Oitava. Difusión da colaboración das partes**

Nas actuacións informativas/divulgativas e publicacións que se fagan relacionadas coas actividades obxecto deste acordo farase constar, nun lugar destacado, a colaboración das partes e usaranse, cando proceda, os anagramas de cada unha das entidades aprobados pola normativa de imaxe corporativa.

Sexa cal for o medio de difusión, cada unha das partes comprométese a facer mención da outra parte e da existencia deste acordo.

### **Novena . Protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais**

As partes asinantes comprométense a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e dereitos dixitais.

Na aplicación deste acordo respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 xeral de protección de datos e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro (BOE 06/12/2018) de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais e, a súa protección fronte alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.



### **Décima.- Administración dixital**

As partes asinantes deste acordo respectarán cantas esixencias establece a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia (DOG 26 de xullo de 2019), que será aplicable ao sector público autonómico, integrado, de acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia, pola Administración xeral e polas entidades instrumentais e, tamén, será aplicable á cidadanía que ten o deber de utilizar os servizos públicos dixitais que se poñan a súa disposición de xeito adecuado, co respecto das normas de uso, xerais ou específicas, que se establezan para cada un dos servizos e, en particular, os cidadáns e as cidadás deberán utilizar os sistemas de identificación e de sinatura electrónicas de que sexan lexítimos titulares, usar a información dispoñible conforme a política de privacidade publicada e repectar a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal (artigos 2 a) e b) e 7 apartados 1 e 2 respectivamente da citada lei).

### **Décimo primeira.- Rexistro de Convenios. Transparencia e bo goberno**

A sinatura deste acordo suporá o consentimento expreso do interesado á administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao acordo de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, (BOE 10-12-2013) de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Así mesmo, coa sinatura deste acordo as partes manifestan o seu consentimento para que os seus datos persoais que aparecen no mesmo e máis o resto das especificacións nel contidas poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

### **Décimo segunda. Lei aplicable e xurisdición**

Este acordo ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións, e quedará suxeito ao disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste acordo.

E, en proba de conformidade con canto antecede, ambas as partes asinan este acordo.

O conselleiro de Cultura, Educación e

O presidente do Foro Enrique Peinador

Universidade

Xosé González Martínez

Román Rodríguez González

A presidenta de BIOGA

Carme Pampín Casal

